

Leituras

En segundo lugar, salientaría como un requintado regalo para o padal, todo o desenvolvemento do 'segundo prato' en que a 'Amada Defunta, o 'Poeta Enamorado' e o 'Carteiro faminto' conforman un triángulo amoroso-deglutidor impar, onde a un ritmo freneticamente contido acompañamos, cun sorriso sobrecolado, a devoración do convencional relacionamento e da estereotipada literatura amorosa, da cenografía (im)posíbel e até da propia amada, nunha delirante amalgama omnívora de parodia, intertextualidade, antropofaxia, canibalismo, etc.

En fin, gostaríamos de finalizar reiterando o carácter xenial e excesivo desta intrépida obra que, sen deixar os sendeiros coñecidos do teatro contemporáneo, avanza polas selvaxes vías da ilusión e do pracer consentidos, mostrando ás claras a fragilidade sedante e narcotizante de calquer convención criativa establecida. Non se trata só dunha peza teatral hipnótica ou rara, trátase de 'algo' desmesurado que, contraditoriamente, satisface unha certa fame e estimula unha salutar e intranquila lectura bulímica.

Estimado lector, sendo consciente de que a pretensión anterior de me aproximar a Teatro Para se Comer nestas pobres e escasas liñas, equivale -gardando todas as distancias que a medida exige- á redución de Hamlet a unha simple obra sobre a sucesión da monarquía danesa ou á explicación da Demanda do Santo Graal como a procura dunha desaparecida copa, só me resta convidalo á afervorada deglución deste espectáculo literario que João Guisan tivo o atrevimento de nos cocinar e Edicións Laiovento tivo a ousadía de nos servir.

Bon proveito. ♦

C.P. MARTÍNEZ PEREIRO

Ecoloxismo e cristianismo

Titulos: Do teu verdor cinguido.

Autor: Victorino Pérez Prieto.

Editorial: Espiral Maior. A Coruña, 1977.

O ecoloxismo estase a converter nunha das preocupacións dos teólogos católicos máis fronteirizos, v. g. de L. Boff, autor de *Ecoloxía: grito da terra, grito dos pobres*; de Panikkar, R., "La nueva inocencia". O tema non é alleo aos nosos teólogos, Chao, Queiruga, Miguélez; pero é V. Pérez quen lle acaba de dar forma coa obra "Do teu verdor cinguido". Ecoloxismo e cristianismo.

V. Pérez é coñecido pola súa marcada aposta a prol da inculturación da fe na cultura galega; dúas obras acredítano como experto nesta dirección: *A xeración Nós. Galeguismo e relixión* (1988), *Cristiáns e galeguistas* (1995). Titula a súa obra sobre Ecoloxismo e cristianismo cunha frase do himno galego. Con este tratado V. Pérez súmase ao ensaio teolóxico galego, presente sempre no seu traballo xornalístico.

En sete capítulos desenvolve o senso do ecoloxismo, as súas relacións co cristianismo e o impacto no eixo determinante deste; a saber, as formas de coñecemento de Deus. Os capítulos 2 e 3 abordan os problemas ecolóxicos e a toma de conciencia para a que tanto significou a obra de Lovelock (1979) *Gaia*. A realidade impónse e hoxe "o compromiso ecoloxista é unha consecuencia máis dunha maneira auténtica de vivir a identidade cristiá" (p. 38). Para chegar á devandita afirmación, Victorino recorre as páxinas da Biblia, trae ante nós a vida de tres místicos da Igrexa, Francisco de Asís, Xoan da Cruz e T. de Chardin e monstra así que o cris-

tianismo e o xudaísmo poden e deben ser ecoloxistas. Certo que hai nestas relixións e máis aínda na Ilustración europea escollos e deficiencias a corrixir.

O derradeiro capítulo "A nova conciencia chama a unha nova maneira de concebir a Deus e a relación con el" logra fondura, nivel de auténtico quefacer teolóxico: "Unha das posibles metáforas sobre Deus é falar do mundo como corpo de Deus, como autoexpresión material de Deus, como sacramento de Deus; non algo extraño fronte a el, senón expresión do seu mesmo ser." Utilizando unha imaxe maternal Sallie McFragwe non teme dicir que "O universo é a encarnación de Deus, expresión do seu verdadeiro ser. Non algo extraño ou alleo a Deus, senón que procede da súa mesma matriz, formado mediante unha xestación". Abrese camiño un novo concepto, o de *parenteismo*, *Deus en todo e todo en Deus*; Deus intimamente mergullado no proceso cosmoxénico, aínda que sen perderse nel.

Victorino ensaia todos os intentos de pensar sobre Deus, como pai, como compañeiro, amigo, e remata co tan definitivo na teoloxía da liberación, o pobre como revelación de Deus, como corpo de Deus. É preciso ler esta obra densa, quente de amor á natureza, aos seres humanos, ao país galego ao que dedica a derradeira expresión: "Vivat, floreat Natio Galaica et Universa". ♦

Desenvolve o senso do ecoloxismo, as súas relacións co cristianismo e o impacto nas formas de coñecemento de Deus.

FRANCISCO CARBALLO